

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2025, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da rolda leste de Ourense, treito Bemposta-N-525, de clave OU/21/097.01.

Antecedentes:

Con data do 26 de marzo de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 58 o Anuncio do 11 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto da circunvalación leste de Ourense, treito OU-105 (Bemposta)-N-525 (OU/07/068.1), nos concellos de San Cibrao das Viñas e Ourense (Ourense) (expediente 2020/0252).

Con data do 25 de xuño de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 122 o Anuncio do 29 de abril de 2024 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado da rolda leste de Ourense, treito Bemposta a N-525, de clave OU/21/097.01, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas polo proxecto.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2025, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da rolda leste de Ourense. Treito Bemposta-N-525, de clave OU/21/097.01, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xusti-



za de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, se poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da rolda leste de Ourense, treito Bemposta-N-525, de clave OU/21/097.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oito millóns setecentos noventa e catro mil trescentos corenta e catro euros con vinte e un céntimos (8.794.344,21 €)

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado da rolda leste de Ourense, treito Bemposta-N-525, de clave OU/21/097.01, coa seguinte modificación respecto do trazado sometido a información pública:

- Modificarase a zona do enlace da rolda leste coa N-525/OU-525 tendo en conta o Plan parcial SUR-T1 do concello de San Cibrao das Viñas, así como o establecido no Plan sectorial da rede viaria de Ourense.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado da rolda leste de Ourense, treito Bemposta-N-525, de clave OU/21/097.01.

CVE-DOG: ehnf5yr7-q8g3-5bj9-zz95-teertwfacrk6



Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas, onde se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: ehnf5yr7-q8g3-5bj9-zz95-teertwfacrk6

